


# IV FINDE CURTA



FINDE DO  
26 A O 30 DE ABRIL  
DO 2019

O 4º **findecorta** ten como obxectivo a promoción do audiovisual e o impulso de novos/as creadores/as

A actividade desenvolverase durante a fin de semana do **26 ao 30 de abril**. Nese tempo as persoas que se inscribiron deberán realizar unha curta seguindo os parámetros establecidos nas bases do Certame.

### ¿COMO FORMAR PARTE DO FINDECURTA?

É moi fácil. Tan só tes que inscribirte entre o **22 de marzo e o 23 de abril**, de 09:00 a 14:00 h., na Área de Cultura da USC sita na Vicerreitoría do Campus de Lugo. Tamén podes enviarnos un correo a [cultura.lugo@usc.es](mailto:cultura.lugo@usc.es) ou chamarnos ao **982 821 513**.

Unha vez feita a inscrición seguir os pasos de findecorta.

### CALENDARIO

- Inscrición do 22 de marzo ao 23 de abril.
- 26 de abril ás 20:30 h. **SESIÓN INFORMATIVA** na Casa do Saber cós coordinadores do Certame.
- Do 26 de abril ás 20:30 h ao 30 de abril ás 10:30 h **TEMPO OFICIAL** de realización da curta.
- Entrega da documentación e da curtametraxe: 30 de abril entre as 9:00 e as 10:30 na Vicerreitoría de Coordinación. Área de Cultura.

### INSCRIPCIÓN

Existen dúas modalidades para poder inscribirse:

- Opción A: **EQUIPO**. Sodes un grupo xa formado de traballo e queredes participar todos xuntos nun mesmo equipo. Deberedes marcar na ficha de inscrición se estariades dispostos a acoller a alguén máis

no voso equipo ou se vos gustaría contar con alguén para algún posto en concreto (actor, actriz, director de foto, técnico/ca de son, etc.).

- Opción B: **INDIVIDUAL**. Estás só/a pero gustaríache vivir esta experiencia. Cóntanos que che gusta ou podes facer, se tes material ou non (cámara, micro, vestiario, etc) e nós intentaremos facer un grupo con [tod@s @s desemparellad@s no BRIEFING](mailto:tod@s @s desemparellad@s no BRIEFING). Se non é posible seguro que máis dun grupo quereira tervos entre os seus compoñentes.

### A SESIÓN INFORMATIVA

20:30 h., entrega de documentación e explicación do **RETO** do IV findecorta na Casa do Saber.

O **RETO** consiste en certas condicións que a curtametraxe deberá ter ou que deberán aparecer nela, e que se darán a coñecer durante este briefing. Tódolos anos este **RETO** vai cambiando e mutando.

Neste briefing tamén daremos a coñecer a xente que non ten grupo (inscrit@s como **INDIVIDUAL**) para que formen un ou varios grupos ou –en caso de non haber xente suficiente para formalos– os grupos xa formados poderán fichalos para completar os seus.

Cada grupo participante estará representado por unha persoa debidamente acreditada.

### ENTREGA DE DOCUMENTOS E DA CURTAMETRAXE

Haberá dúas posibles modalidades:

#### **a) Modalidade presencial:**

Día 30 de abril, entre as 9:00 e as 10:30 h.

Entrega da curta na Área de Cultura sita na Vicerreitoría de Coordinación, 2º andar. Realizase **NO SOBRE OFICIAL QUE SE ENTREGOU NA SESIÓN INFORMATIVA** xunto co resto



de documentos debidamente cubertos.

#### **b) Modalidade virtual:**

- **O SOBRE OFICIAL QUE SE ENTREGOU NA SESIÓN INFORMATIVA** xunto cos documentos, deberá ser enviado por correo postal no que figure a data de envío, a través de Correos a seguinte dirección:

Oficina de Cultura  
Vicerreitoría de Cordinación  
Praciña da Universidade  
27001 Lugo

- O arquivo de vídeo para os grupos que o soliciten poderán enviar o arquivo de vídeo a través de: Wetransfer (<https://wetransfer.com>), Ydray (<https://ydray.com>) ou SendGB (<https://www.sendgb.com>), enviando o arquivo de vídeo ao enderezo de correo **cultura.lugo@usc.es**. O arquivo debe estar entregado antes das **10:30 h do 30 de abril**. A organización non se responsabiliza de que o arquivo poida estar corrupto ou do tempo de subida do arquivo á nube.

#### **DOCUMENTOS QUE ENTREGAR**

- **DECLARACIÓN CERTIFICADA**
- **CESIÓN DE DEREITOS**

#### **A CURTAMETRAXE: FORMATO**

A curtametraxe entregárase nun ficheiro dixital en formato.mov ou.mp4 en 720p ou 1080p codificado en H.264 a 24 ou 25 fps con son codificado en AAC e un peso total que non supere os 2 GB.

O nome do ficheiro será o nome do grupo, o cal se escribirá en maiúsculas sen espazo nin acentos seguido de guión baixo, e posteriormente o título da curtametraxe tamén sen espazos nin acentos. O exemplo a seguir sería:

NOMEDOGRUPO\_  
TITULOCURTAMETRAXE

No caso da modalidade de entrega

presencial, o arquivo de vídeo deberá ir gravado no DVD facilitado pola organización incluído no SOBRE OFICIAL.

#### **BASES**

- A totalidade da curtametraxe debe realizarse durante o **TEMPO OFICIAL**. Calquera traballo creativo previo está prohibido. O traballo creativo inclúe: escribir o guión, ensaios, vestuario/ deseño de escenario, rodaxe, edición, deseño de son, renderización, dar saída á cinta ou outros medios. Ningún material de arquivo ou filmación previa poden ser utilizados.
- O único traballo permitido antes do **TEMPO OFICIAL** é a organización do equipo, organización do reparto, seguro do equipo, seguro de locacións.
- Permítese calquera tipo de técnica, como animación, fotografías, efectos especiais, etc., pero estas deberán ser creadas durante o **TEMPO OFICIAL**.

#### **DURACIÓN**

- A curtametraxe terminada (curtametraxe e cortinas), debe ter un máximo de 7 minutos de duración.
- A secuenciación da curtametraxe, debe ser:
  - **CORTINA DE INICIO**, dispoñible na páxina [www.lugocultural.gal](http://www.lugocultural.gal)
  - Curtametraxe
  - Ao remate dos créditos finais deberá aparecer a **CORTINA FINAL** cos logos da organización dispoñibles na web [www.lugocultural.es](http://www.lugocultural.es).

#### **IDIOMA**

- O idioma da curtametraxe deberá ser o galego.

#### **MÚSICA**

- Anímase aos equipos participantes a traballar cun compositor / ou músicos para escribir e gravar a música para as súas curtametraxes. Está permitido

que os equipos participantes utilicen música pregravada; no entanto, o equipo debe ter os dereitos sobre calquera tipo de música utilizada e **debe proporcionar os documentos de cesión desta se lle son solicitados**. Ao igual que coa música, os efectos de son pregravados serán permitidos, sempre e cando se conte cos dereitos respectivos.

- As parodias de cancións (é dicir, o uso de composicións preexistentes identificables coa letra ou a música, novas ou alteradas) non poden incluírse nas curtametraxes sen a autorización asinada do titular dos dereitos da composición.
- Pode utilizarse música ou materiais que estean baixo a licenza Recoñecemento (*Attribution License*).

### CONSIDERACIÓNS XERAIS

- Os horarios son estritos. Os participantes deben estar presentes nos horarios establecidos.
- Todos os custos asociados á produción de cada curtametraxe son responsabilidade exclusivamente de cada grupo.
- Para que as curtametraxes poidan ser admitidas, deben ser un traballo orixinal do grupo participante; non deben infrinxir os dereitos de terceiros; deben ser adecuadas para a súa publicación non poden conter declaracións difamatorias sobre ningunha persoa, organización ou entidade; non poden invadir a privacidade ou outros dereitos de ningunha persoa, empresa ou entidade; non poden de ningunha maneira violar as leis e regulamentos aplicables; e non poden conter elementos de copyright.
- A organización resérvase o dereito de tomar a decisión final en canto

a que curtametraxes son elixibles, e tamén o de rexeitar a proxección dunha película ou facer un anuncio na proxección sobre o contido desta.

- As condicións de proxección varían de sala en sala e están máis alá do control da organización.

### XURADO

O xurado está formado por personalidades de recoñecido prestixio que, atendendo a criterios de creatividade, calidade técnica e cumprimento dos criterios, seleccionará a obra premiada.

### PROXECCIÓN E DECISIÓ DO XURADO

- No caso de que un grupo sexa premiado, o/a **PERSOA REPRESENTANTE** do grupo está obrigado a aceptar o premio en nome do grupo. A organización non é responsable de calquera disputa entre colaboradores que xurda ou relacionados co proxecto.
- O día 10 de maio de 2019, a partir das 22:30 horas, realizarase unha proxección ao aire libre na praza de Santa María de Lugo (en caso de choiva no Auditorio de Veterinaria). Proxectaranse todas as curtas, a non ser que por cuestións de organización se decida proxectar aquelas máis representativas.
- Ao remate da proxección, o público presente poderá votar a mellor curtametraxe.
- Logo de finalizado o recuento de votos anunciarase a decisión do xurado e a do público.

### PREMIOS

Outorgaranse dous premios:

- Un primeiro premio de 400 €,



que supón ademais a participación da curtametraxe na 41ª Semana de Cine de Lugo onde competirá polo Premio do Público á Mellor Curtametraxe Galega.

- Un segundo premio (Premio do Público), que supón a participación da curtametraxe na 41ª Semana de Cine de Lugo onde competirá polo Premio do Público á Mellor Curtametraxe Galega.

## REQUISITOS PARA OS PREMIADOS

- Os arquivos entregados para o festival son os mesmos que se entregarán para a Semana de Cine de Lugo, polo cal a organización declina toda responsabilidade en canto a fallos de montaxe, de igualación (etalonaxe), de son, erratas nos créditos, etc.
- Tras a decisión do xurado, os premiados terán ata o 17 de maio para entregar:
  1. Ficha técnica e artística
  2. Breve curriculum do director
  3. Permiso e autorización de exhibición dentro de calquera sección da Semana de Cine
- En caso contrario a organización estimará que os premiados declinan a súa participación na 41ª Semana de Cine de Lugo. A entrega deste material farase na:

Oficina de Cultura  
Vicerreitoría de Coordinación  
Praciña da Universidade  
27001 Lugo

## CUESTIÓNS LEGAIS

- Todas as curtametraxes participantes deberán contar coas autorizacións e cesións de dereitos de autor e doutros titulares de obras preexistentes e orixinais que se incorporen nelas. Neste sentido, os grupos grupos participantes garanten que as

curtametraxes non vulneran ningún dereito de explotación, nin dereitos de honor, intimidade e imaxe, nin dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial e/ou calquera outros dereitos de terceiros, e que non vulneran a lexislación vixente. A organización do certame declina calquera responsabilidade legal sobre as películas presentadas a concurso e o seu contido.

- O autor ou autora da curtametraxe, polo simple feito de participar no Festival, cédelle á USC de forma gratuíta, con carácter de exclusiva, facultade de cesión a terceiros tamén en exclusiva, para todo o mundo e ata a publicación da decisión do xurado de Fin de Curta, os dereitos de reprodución, comunicación pública e distribución da curtametraxe ou fragmentos desta, co fin de que a curtametraxe poida ser divulgada e emitida a través de calquera medio e en calquera formato, incluíndo as webs das institucións de Lugo Cultural. O exercicio destes dereitos será, exclusivamente, con fins promocionais e divulgativos do Festival. **Ata a publicación da decisión do xurado, o autor ou autora non poderá exhibir nin comunicar publicamente a curtametraxe, en ningún formato nin a través de ningún medio.** Despois desta data, a cesión dos dereitos antes citados a favor da USC serao co carácter de non exclusiva, con facultade de cesión a terceiros, para todo o mundo e por prazo indefinido, podendo emitir e distribuír a curtametraxe ou fragmentos dela, a través de calquera medio de comunicación e en calquera formato, con fins exclusivamente divulgativos do propio Festival e, en xeral, para a difusión e promoción das actividades culturais que realiza a USC. Calquera explotación ou uso comercial da curtametraxe requirirá o consentimento previo e expreso

do autor, subscribíndose, de ser o caso, os correspondentes acordos. culturais que realiza a USC. Calquera explotación ou uso comercial da curtametraxe requirirá o consentimento previo e expreso do autor, subscribíndose, de ser o caso, os correspondentes acordos.

- Os autores das curtametraxes autorizan o Festival a utilizar, reproducir, divulgar, imprimir, publicar e difundir a través de calquera medio de comunicación, o nome do director ou directora, intérpretes e equipo técnico, os seus nomes artísticos, fotografías e imaxes representadas por calquera medio plástico, biografía, etc., con obxecto de que se poidan realizar, directa ou indirectamente, actos de promoción e comunicación das obras audiovisuais.
- O participante non deberá distribuír o seu vídeo de ningunha maneira antes da estrea oficial. Isto inclúe a posibilidade de subir o vídeo a calquera sitio web ou proxectar a película para grupos de calquera índole que non sexan os do seu equipo. Os participantes poderán realizar un tráiler da súa curtametraxe con fins promocionais, o cal si poderá subirse á rede. No entanto, este tráiler non deberá exceder de 40 segundos.
- Dado o compromiso social, a organización resérvase a potestade de non admitir a concurso aquelas curtametraxes que non cumpran os parámetros mencionados anteriormente.

- Para calquera presentación posterior (en liña, a festivais ou outras convocatorias) as curtas deberán manter a cortina de inicio e final.

### ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no Festival supón a aceptación íntegra das presentes bases.

